



CONCELLO DE MUXIA

Teléfonos: 981. 74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981. 74 22 98

Rúa Real, 35 - C.P: 15124 (A Coruña)

www.concellomuxia.com

E-Mail: correo@muxia.es

ANUNCIO

Este Concello formula ante o Servicio Público de Emprego de Cee, oferta xenérica para Posto de Axente de emprego e D.L., de acordo co establecido na Orde de 18 set 2019.

As persoas seleccionadas polo S.P.E, deberán de presentar solicitude de participación no proceso selectivo que se vai celebrar neste Concello o 27 de decembro ás 10h.

As bases de selección figurán na Sede electrónica do Concello.

En caso de que ningunha das persoas remitidas polo SPE resulten idóneas, este Concello podrá formular convocatoria pública de acordo ao art 14 da Orde.

Muxia 19 decembro 2019. O Alcalde

BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN , DE 1 POSTO DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, PARA O CONCELLO DE MUXÍA.

PRIMEIRA: Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto para a selección, de 1 posto de traballo de axente de emprego e desenvolvemento local ao abeiro da orde 18 de setembro de 2019 (DOG núm. 188 de 3 de outubro).

É obxecto da presente convocatoria, a provisión como persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local, polo período dun ano.

Sistema selectivo :

Considerando o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, a selección realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

As probas selectivas realizaranse polo sistema de concurso-oposición.

SEGUNDA: REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES. Requisitos.

1. Para ser admitido/a á realización destas probas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no art. 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 para o acceso dos nacionais doutros estados a postos na Administración Pública.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión ou en condición de obtela na data de terminación do prazo de presentación de instancias da seguinte titulación:

Titulación académica mínima: 1º Ciclo de educación universitaria.

Conforme a disposición transitoria quinta da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, considerarase equivalente ao título de diplomado universitario ter superados tres cursos completos de licenciatura.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

e) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou sexa incompatible co

normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.

As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado acreditarase mediante certificación expedida polo organismo competente.

2. Todos os requisitos anteriores deberanse reunir antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

3. Aínda que non constitúe un requisito de ingreso, os aspirantes que estean exentos da realización da proba de galego por posesión do CELGA 4 ou equivalente, achegarán coa instancia o documento acreditativo correspondente.

CUARTA.- Tribunal cualificador das probas:

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía-Presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e en base ao establecido polo Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Un/ha funcionario/a pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quen legalmente a substitúa.

Secretario/a: O da Corporación ou quen legalmente a substitúa.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada ou quen legalmente os substitúa.

2.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas, así como nos casos non previstos polas mesmas.

3.- O tribunal non aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados establecerase unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, só válido para a presente convocatoria.

4.- O tribunal reunirse inmediatamente antes do inicio de cada exercicio ao obxecto de determinar as preguntas do mesmo.

5.- O Alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que acordará a contratación.

QUINTA.- Presentación de instancias e admisión de aspirantes

As/os aspirantes presentarán a través de Sede o nas oficinas de rexistro, no prazo de tres días hábiles:

- Fotocopia do DNI do interesado.
- Documentos acreditativos ou fotocopias cotexadas, da seguinte documentación:
 - Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados de que conste o concurso.

- Documentación acreditativa dos méritos que se posúan, nos termos previstos no artigo sexto das bases.

Todas as demais resolucións que se produzan no expediente, serán publicitadas a través da páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios deste.

SEXTA.- Selección:

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso-oposición cos/as candidatos/as que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

A- Fase de Concurso:

B- Fase de Oposición:

6.1.- FASE DE CONCURSO (máximo de 10 puntos): Baremo de méritos alegados: os aspirantes deberán presentar orixinal ou copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados, segundo se establece no seguinte baremo:

A.1. Titulación: máximo 1,5 puntos.

Licenciaturas, Diplomatura ou grado, en Dereito, Economía, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias do Traballo, Ciencias Empresariais, Relacións Laborais e Recursos Humanos ou Graduado/a Social. Por cada titulación das mencionadas 0,50 puntos.

En ningún caso se valorará neste apartado a titulación esixida como requisito de acceso.

A.2. Experiencia laboral: máximo 4 puntos.

1. Experiencia, nos últimos 5 anos, como axente de emprego e/ou técnico/a de emprego, na Administración Pública Local: 0,05 puntos por mes.

Para acreditar os servizos prestados é imprescindible a presentación de certificados expedidos pola Administración Pública ou, no seu caso, da vida laboral xunto aos contratos de traballo na que quede totalmente acreditada a prestación dos servizos. A ausencia total ou parcial de documentación acreditativa dos méritos dará lugar a que o tribunal non valore os mesmos.

En todo caso, para terse en conta, dos citados documentos deberá desprenderse a categoría do posto e as funcións e as tarefas realizadas.

A.3. Cursos de formación extra-académicos:

1. Cursos de formación directamente relacionados coas funcións a desenvolver nas prazas convocadas, e nos que se expedirá diploma, certificación de asistencia ou de aproveitamento, expedidos ou homologados por Administracións Públicas, cun mínimo de 20 horas: ata un **máximo de 4 puntos, segundo o seguinte baremo:**

Duración entre 20 e 60 h: 0,20
Duración entre 60 e 100 h: 0,50
Máis de 100 h: 1

2. Coñecemento da lingua galega.
 - Título de linguaxe administrativo superior: 0,5 puntos
 - Título de linguaxe administrativo medio: 0,30 puntos
 -

En caso de estar en posesión de distintas titulacións, valorarase unicamente o nivel máis alto de formación.

O TRIBUNAL NON BAREMARÁ A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO/A ASPIRANTE QUE NON REÚNA OS REQUISITOS CITADOS NAS PRESENTES BASES.

6.2. - FASE DE OPOSICIÓN (máximo 40 puntos).

Consistirá en responder por escrito, nun tempo máximo de 120 minutos a un cuestionario de 40 preguntas, tipo test e de preguntas curtas, das cales 15 serán de contido teórico sobre as materias contidas no temario destas bases e 25 serán de contido práctico sobre os contidos das materias da parte especial do temario.

O cuestionario determinarase polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba.

O exercicio será calificado de 0 a 40 puntos, sendo preciso alcanzar un mínimo de 20 puntos para considerarlo superado.

CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, que se sumarán ás da fase de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

* Non se terá en conta a valoración da fase concurso se non se supera a de oposición.

Proba de acreditación do coñecemento do galego

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente, deberán facer unha proba que se valorará co resultado de apta ou non apta. Esta proba consistirá na tradución directa e/ou inversa de un ou varios textos, en castelán ou galego, e nun tempo máximo de 1 hora. Os textos serán escollidos pola Comisión cualificadora inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle á Comisión determinar o nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

Esta proba realizarase antes de iniciarse a fase de oposición.

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente e que non superen esta proba quedarán excluídos do proceso.

TEMARIO TEMARIO

Parte xeral

Tema 1. A Constitución Española de 1978: Dereitos e deberes dos cidadáns. O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma: o Parlamento, o Consello da Xunta e o Presidente.

Tema 2. O acto administrativo: Concepto e clases. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

Tema 3. O procedemento administrativo: Iniciación, ordenación, instrución e terminación. A obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 4. Os recursos administrativos. Concepto e clases, requisitos xerais. Os recursos ordinarios.

Tema 5. O réximen local: Regulación xurídica. O municipio: concepto e elementos.

Tema 6. Organización municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. Competencias do municipio.

Tema 7. O Alcalde: competencias, forma de elección e cesamento. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións. O Concello Pleno: composición e competencias. As Comisións Informativas.

Tema 8. Dereitos e deberes das/os funcionarias/os locais. Código de conduta de empregadas/os públicas/os. Réxime de incompatibilidades.

Tema 9. Os contratos administrativos. Natureza, caracteres e clases. Elementos. Formas de contratación.

Tema 10. Marco normativo específico de Prevención de Riscos Laborais.

Parte especial

Tema 11. A figura do Axente de Emprego de desenvolvemento local. Normativa reguladora. Características, funcións e ámbitos de actuación.

Tema 12. A Estratexia Europea para o Emprego. Directrices para as políticas de emprego 2020. A dimensión local.

Tema 13. A política de emprego. Instrumentos da política de emprego según o Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de emprego.

Tema 14. Lei 11/2013, de 26 de xullo de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Tema 15. O asesoramento técnico na iniciativa empresarial. A persoa emprendedora: Análise da idea empresarial.

Tema 16. O deseño dun Itinerario de Emprendemento. Fases.

Tema 17. O emprendedor e idea de negocio.

Tema 18. O modelo de negocio: definición e módulos.

Tema 19. O plan de empresa. Definición. Obxectivos e estrutura.

Tema 20. Trámites administrativos para a posta en marcha dunha idea empresarial.

Tema 21. Formas xurídicas para a creación dunha empresa. Incentivos. Subvencións e bonificacións.

Tema 22. A empresa. Elementos, obxectivos e clasificación.

Tema 23. Fontes de financiación da empresa: custes empresariais e umbral de rentabilidade.

Tema 24. Subvencións destinadas a fomentar e manter a creación de emprego autónomo.

Tema 25. Programas de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero

Tema 26. Medidas activas de emprego: conciliación vida laboral e familiar

Tema 27. programas de cooperación cos entes locais

Tema 28. Programas de obradoiros de emprego

Tema 29. As iniciativas locais de emprego

Tema 30. A lei 6/2016, do 4 de maio da economía social de Galicia.